



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



***Proceso selectivo para o ingreso
no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (A2),
escala de xestión e sistemas de información***

***Primeiro exercicio
(acceso libre)***

Opción A

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1 De conformidade coa Constitución Española (CE), sinala a opción CORRECTA respecto ao dereito a unha remuneración do traballo suficiente

- A) É un dos principios reitores da política social e económica do capítulo III do título I da CE
- B) É un dereito dos cidadáns recollido no capítulo II do título I da CE
- C) Non se recolle como tal na CE
- D) Recóllese o dereito ao traballo expresamente e o dereito a unha remuneración suficiente debe considerarse como un principio reitor

2 Segundo os artigos 148 e 149 da Constitución Española, cal das seguintes é unha competencia autonómica?

- A) O fomento da investigación
- B) Os portos que desenvolvan actividades comerciais
- C) As telecomunicacións
- D) A regulación das condicións para a expedición de títulos académicos

3 De conformidade co artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, quen propón o candidato á presidencia da Xunta de Galicia?

- A) O presidente do Parlamento galego, previa consulta coas forzas políticas representadas neste e unha vez oída a mesa
- B) O presidente do Parlamento galego, de conformidade cos acordos acadados entre as forzas políticas
- C) O presidente do Parlamento galego, oída a mesa e tendo en conta a lista que acadase nos comicios o maior número de votos
- D) O presidente do Parlamento galego, por propia iniciativa, de acordo coa representatividade acadada por cada forza política nos comicios

4 De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, sinala a resposta CORRECTA respecto do persoal directivo profesional

- A) Cando o persoal directivo reúna a condición de persoal funcionario estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección
- B) A determinación das condicións de emprego do persoal directivo terá a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos da Lei 7/2007, do 12 de abril
- C) A designación do persoal directivo profesional atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade
- D) As respostas a) e c) son correctas

5 Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público

- A) Os sistemas de avaliación do desempeño adecuaranse, en todo caso, a criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación e aplicaranse sen menoscabo dos dereitos dos empregados públicos
- B) A continuidade nun posto de traballo obtido por libre designación quedará vinculada á avaliación do desempeño de acordo cos sistemas de avaliación que cada Administración Pública determine, dándose audiencia ao interesado, e pola correspondente resolución motivada
- C) As Administracións Públicas, xunto cos sindicatos máis representativos, determinarán os efectos da avaliación na carreira profesional horizontal, a formación, a provisión de postos de traballo e na percepción das retribucións complementarias previstas no artigo 24 do presente Estatuto
- D) As respostas b) e c) son correctas

6 A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece no seu artigo 48 que

- A) Cando os prazos se sinalen por días enténdese, en todo caso, que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos
- B) Cando os prazos se sinalen por días enténdese que estes son naturais, sempre que mediante lei ou normativa europea non se exprese outra cousa
- C) Cando os prazos se sinalen por días enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, domingos e os declarados festivos
- D) Cando os prazos se sinalen por días enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos

7 Sinala cáles dos seguintes requisitos son necesarios nas solicitudes

- A) Nome, apelidos e idade do interesado
- B) Lugar, data e teléfono
- C) Firma do solicitante e DNI
- D) Órgano, centro ou unidade á que se dirixe

8 Nun procedemento de contratación cunha administración pública contéplase un criterio de valoración cun limiar de satisfacción de 5 u. m. (unidades de medida) e un limiar de saciedade de 2 u. m. Qué se pode concluír?

- A) O criterio non é válido, e debe entenderse como un erro no prego. Os valores correctos serían os 2 u. m. e 5 u. m. respectivamente
- B) O criterio non é válido: o prego débese considerar nulo
- C) O criterio é válido, pois trátase dun criterio maximizador
- D) O criterio é válido, pois trátase dun criterio minimizador

9 A teor do disposto no artigo 67 da Lei de contratos do sector público, sinala a opción CORRECTA respecto de cómo poderá acreditarse a solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos

- A) Unha relación de todos os servizos e traballos realizados nos últimos cinco anos, na que se sinalen importes, datas e o destinatario, sexa público ou privado
- B) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato
- C) Declaración xurada do contratista que indique a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos
- D) As respostas B) e C) son correctas xa que a solvencia técnica ou profesional deberá acreditarse por un ou varios medios dependendo do obxecto do contrato

10 De conformidade co artigo 134 da Lei de contratos do sector público, cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?

- A) Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este ha de ser, necesariamente, o do prezo máis baixo
- B) A valoración de máis dun criterio procederá na adxudicación daqueles contratos cuxos proxectos ou orzamentos foran establecidos previamente e non deban ser presentados polos licitadores
- C) A valoración de máis dun criterio procederá na adxudicación dos contratos de subministros cando os produtos para adquirir estean perfectamente definidos
- D) Os criterios elixidos e a súa ponderación fixaranse pola mesa de contratación e publicaranse no perfil do contratante

11 Indique ónde ten a súa sede a Comisión Europea

- A) Estrasburgo
- B) Bruxelas
- C) Luxemburgo
- D) París

12 Sinala, segundo o Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), cáles das competencias enumeradas son compartidas entre a Unión Europea e os Estados Membros

- A) Política comercial común
- B) Cohesión económica, social e territorial
- C) A cultura
- D) Conservación dos recursos biolóxicos mariños dentro da política pesqueira común

13 De conformidade co Tratado da Unión Europea, cál é o número máximo de deputados que poden formar o Parlamento Europeo?

- A) 350 máis o presidente
- B) 750 máis o presidente
- C) 500 máis o presidente
- D) 650 e un dos seus membros será o presidente

14 As accións positivas previstas no artigo 4 da Lei 7/2004, do 16 de xullo

- A) Poderán dar lugar a regulacións separadas entre mulleres e homes, se iso está xustificado para lograr un fin lexítimo de igualdade
- B) Non se consideran discriminatorias para o efecto de promocionar a igualdade entre mulleres e homes
- C) Manteranse indefinidamente para garantir unha igualdade real entre mulleres e homes
- D) Supoñen, en todo caso, seguir mantendo regulacións separadas entre mulleres e homes

15 Consonte ao artigo 56 do Decreto legislativo 1/1999, os créditos consignados no estado de gastos do orzamento teñen carácter limitativo e vinculante ...

- A) Todos os créditos consignados no orzamento de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de concepto, excepto os créditos derivados a gastos de persoal (excluídos os incentivos ao rendemento) que vinculan a nivel de capítulo
- B) Todos os créditos consignados no orzamento de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel de artigo
- C) Os créditos consignados no orzamento de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel concepto con excepción dos créditos correspondentes a gastos de persoal (excluídos os incentivos ao rendemento) e a bens e servizos correntes que vinculan a nivel de artigo
- D) Os créditos consignados no orzamento de gastos teñen carácter limitativo e vinculante a nivel artigo con excepción dos créditos correspondentes a gastos de persoal (excluídos os incentivos ao rendemento) e a bens e servizos correntes que vinculan a nivel de concepto

16 Segundo o artigo 52 do Decreto legislativo 1/1999, cal é a data límite para remitir o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma ao Parlamento de Galicia?

- A) Antes do 20 de outubro de cada ano
- B) Antes do 20 de outubro de cada ano, salvo que por Decreto do Consello da Xunta se fixe outra data por causas xustificadas e, en calquera caso, se garanta a tramitación parlamentaria con anterioridade ao 1 de xaneiro do seguinte ano
- C) Antes do 30 de outubro de cada ano
- D) A data de remisión do Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma fíxase anualmente na orde pola que a Consellería de Facenda dita as instrucións para a elaboración dos orzamentos

17 Un plan de proxecto de desenvolvemento de software podería conter

- A) Un gráfico de GANTT para indicar as etapas, outro de PERT para planificar os recursos humanos e usaremos COCOMO para estimar os custos
- B) Un gráfico de GANTT para o calendario das etapas, un gráfico de PERT para indicar o camiño crítico e usaremos COCOMO para estimar o custo
- C) Un gráfico de GANTT para a representación das restricións, outro de PERT para estimar os custos e usaremos COCOMO para indicar as etapas
- D) Un gráfico de GANTT para realizar simulacións de duración, outro de PERT para a determinar o orzamento e usaremos COCOMO para planificar os recursos humanos

18 En xestión de proxectos, cal das seguintes afirmacións é ERRÓNEA, en relación co proceso de planificación dun proxecto?

- A) Define e refina o alcance e obxectivos do proxecto
- B) Existen diversas técnicas de planificación: método da ruta crítica, cadea crítica...
- C) Planifica o curso dunha acción requirida para lograr os obxectivos e alcance comprometido
- D) A planificación realízase na primeira fase do proxecto e non se modifica ao longo da vida do proxecto

19 Dentro dos criterios previstos pola *European Foundation for Quality Management* (EFQM) para avaliar o progreso dunha organización, cal dos seguintes non é un axente facilitador?

- A) O liderado
- B) Os colaboradores
- C) Os clientes
- D) Os procesos

20 Cal dos seguintes niveis ten maior nivel de madurez dentro de CMMI?

- A) Administrado ou xestionado
- B) Incompleto
- C) Definido
- D) Repetible

21 Cal das seguintes afirmacións describe mellor o concepto de prioridade no proceso de xestión de incidencias?

- A) A prioridade determínase pola urxencia do incidente e o nivel de impacto que está a causar
- B) A prioridade determínase polos recursos dispoñibles e o nivel de impacto que o incidente está a causar
- C) A prioridade determínase polos recursos dispoñibles e a urxencia do incidente
- D) A prioridade determínase polos recursos dispoñibles, a urxencia do incidente e o nivel de impacto que está a causar

22 Cal é o obxectivo principal da xestión de servizos TI?

- A) Proporcionar unha xestión de servizos que permita coñecer as necesidades de negocio
- B) Proporcionar servizos críticos aos clientes do negocio
- C) Proporcionar niveis de servizo garantidos en liña cos requirimentos de negocio
- D) Proporcionar ao negocio os mellores servizos posibles

23 Segundo o Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, a sinatura dixital por parte do funcionario nos actos de procedementos administrativos, debe facerse con ...

- A) O DNI electrónico
- B) Un certificado de selo electrónico
- C) É válido o certificado de empregado público ou un certificado persoal como o do DNI electrónico
- D) Un certificado de empregado público

24 Qué se prevé na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos en relación coa destrución de documentos orixinais?

- A) Poderase facer cando se efectúe unha copia dun documento administrativo electrónico polo órgano emisor do documento
- B) Poderanse destruír os documentos privados orixinais, unha vez compulsados electronicamente
- C) Poderase facer cando se efectúe unha copia dun documento privado electrónico polo órgano receptor do documento
- D) Poderanse destruír os orixinais nos supostos de documentos administrativos emitidos orixinalmente en soporte papel dos que se efectuaren copias electrónicas auténticas

25 Indique cuál das seguintes NON é unha dimensión da interoperabilidade segundo o Esquema Nacional de Interoperabilidade

- A) Organizativa
- B) Estructural
- C) Semántica
- D) Técnica

26 Sinala cuál das seguintes respostas é INCORRECTA, en relación coa Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos

- A) Recoñece aos cidadáns o dereito a non achegar os datos e documentos que consten en poder das administracións públicas, as cales utilizarán preferentemente medios electrónicos para reunir a dita información
- B) A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente
- C) A coñecer por medios electrónicos o estado de tramitación dos procedementos nos que sexa interesado
- D) O sistema de notificación utilizado na tramitación electrónica de calquera procedemento será realizado sempre por medios electrónicos

27 Segundo a Lei 59/2003 de firma electrónica, como se denomina a sinatura electrónica que ten respecto dos datos consignados en forma electrónica o mesmo valor que a firma manuscrita en relación cos consignados en papel?

- A) Calquera tipo de sinatura electrónica ten o mesmo valor que a manuscrita
- B) Sinatura electrónica avanzada
- C) Sinatura electrónica concertada
- D) Sinatura electrónica recoñecida

28 O e-commerce ou comercio electrónico esixe que

- A) O pagamento se efectúe con cartóns de crédito
- B) Se remunere ao provedor do servizo por medio de pasarelas de pagamento electrónico
- C) O servizo ten que supor unha actividade económica para o provedor, sexa remunerada ou non polo usuario do servizo
- D) Se leve a cabo entre dúas empresas (B2B)

29 Segundo o Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes, poderanse utilizar medios e soportes EIT en todas as actuacións e trámites do procedemento de adxudicación dos contratos ata o momento da súa formalización, a través de

- A) A plataforma de contratos públicos de Galicia
- B) O rexistro xeral de contratistas de Galicia
- C) O portal de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia
- D) O sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia

30 De conformidade coa normativa no ámbito da propiedade intelectual e, en relación coa protección xurídica dos programas de ordenador,

- A) Salvo que existan disposicións contractuais específicas, necesitarán a autorización do titular do programa de ordenador a reprodución total ou parcial do programa aínda cando for necesaria para a súa utilización por parte do adquirinte lexítimo
- B) Cando un traballador asalariado cree un programa de ordenador no exercicio das funcións que lle foron confiadas, ou seguindo as instrucións do seu empresario, a titularidade dos dereitos económicos correspondentes ao programa de ordenador así creado corresponderán, exclusivamente, ao empresario, agás pacto en contrario
- C) Poderá impedirse por contrato a realización dunha copia de salvagarda por parte dunha persoa con dereito a utilizar o programa aínda no caso de que resulte necesaria para dita utilización
- D) O usuario lexítimo dun programa non está facultado para observar, estudar ou verificar o seu funcionamento, sen autorización previa do titular

31 Consonte ao establecido na Lei 56/2007 de medidas de impulso da Sociedade da Información, quén se encargará da posta en valor e difusión entre entidades privadas e a cidadanía en xeral, de todas aquelas aplicacións que sexan declaradas de fontes abertas polas administracións públicas, facendo chegar aos autores ou comunidades de desenvolvemento calquera mellora ou achega que sexa realizada sobre ditas aplicacións?

- A) O Instituto Nacional de Tecnoloxías da Comunicación (INTECO)
- B) O Comité Sectorial de Administración Electrónica (CSAE)
- C) O Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías de Información e Comunicación (CENATIC)
- D) O Centro de interoperabilidade semántica da Administración (CISA)

32 Indique cal dos seguintes NON é un dos dereitos que poden exercitar os interesados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal

- A) Acceso
- B) Replicación
- C) Cancelación
- D) Oposición

33 Segundo o Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a designación dun ou varios responsables de seguridade é unha medida de seguridade que é obrigatorio aplicar a ficheiros con datos de nivel

- A) Medio
- B) Alto
- C) Todos os niveis
- D) Medio e alto

34 Unha destas NON é unha liña de actuación do Plan director de seguridade da información da Xunta de Galicia

- A) Xestión da continuidade e da dispoñibilidade
- B) Compromiso da Administración da Comunidade Autónoma coa seguridade informática
- C) Seguridade na xestión da documentación
- D) Estudo de viabilidade da Axencia de Protección de Datos Galega

35 O Decreto 230/2008 aprobado no Consello da Xunta de Galicia de 18 de outubro de 2008 regula

- A) A constitución da sede electrónica da Xunta de Galicia e dos organismos dela dependentes
- B) A implantación e o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos organismos dela dependentes
- C) As normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
- D) A eficacia xurídica da sinatura electrónica na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

36 Os datos estruturados asociados ao documento electrónico que permiten a creación, xestión, busca e utilización da información almacenada no arquivo electrónico ao longo do tempo chámanse

- A) Metadatos
- B) Catálogo electrónico
- C) Índice electrónico
- D) Foliado do expediente

37 O órgano asesor para a valoración da evolución da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións públicas de Galicia é o

- A) Observatorio da Innovación e Modernización da Rede CeMIT
- B) Observatorio da Sociedade da Información
- C) Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia
- D) Observatorio da Calidade e da Administración de Galicia

38 A rede SARA (Sistema de Aplicaciones y Redes para la Administraciones) dá resposta á esixencia do artigo 43 da Lei 11/2007, que establece a obriga de crear una rede de comunicacións que interconecte as Administracións Públicas españolas entre si e con outras redes das Institucións Europeas para o intercambio de información e servizos entre elas. ¿Qué aspecto da Administración electrónica potencia?

- A) A transferencia de tecnoloxía, a reutilización dos investimentos e a seguridade
- B) A normalización
- C) A intraoperabilidade no tempo
- D) A interoperabilidade

39 Indique a afirmación FALSA, relativa á arquitectura cliente/servidor

- A) O servidor é o equipo que se encarga de subministrar servizos como consultas á base de datos, e o cliente é o equipo que mostra e formata os datos
- B) Durante o desenvolvemento das aplicacións que seguen esta estrutura, ás veces hai que decidir qué partes da aplicación se executan no servidor e cales no cliente
- C) O diálogo entre cliente e servidor iníciase por requirimento do servidor
- D) As aplicacións que se executan no ámbito Web seguen esta arquitectura

40 En relación cos sistemas RAID, que afirmación é FALSA?

- A) Non se almacena información de redundancia nun volume RAID 0
- B) O rendemento dunha matriz RAID 1 é superior ao dunha soa unidade debido a que os datos se poden ler dende varios discos (o orixinal e o duplicado) simultaneamente
- C) O rendemento de lectura dunha matriz RAID 5 é inferior ao dunha soa unidade debido a que os datos se poden ler dende varios discos simultaneamente
- D) O beneficio principal de RAID 10 é que combina os beneficios do desempeño de RAID 0 e a tolerancia a fallos de RAID 1

41 A arquitectura centralizada ten como vantaxe respecto á arquitectura distribuída

- A) Que achega unhas posibilidades de traballo moito máis flexibles
- B) Unha mínima dependencia das comunicacións
- C) Unha menor complexidade
- D) Que facilita o reparto das cargas de traballo

42 Indica cal das seguintes afirmacións sobre entidades débiles no modelo entidade-relación é CORRECTA

- A) Unha entidade débil pode existir sen participar en ningunha relación
- B) Unha entidade débil en identificación posúe atributos propios suficientes para definir a súa clave primaria
- C) Unha entidade débil en existencia pode que sexa univocamente identificada simplemente polos seus atributos
- D) Unha entidade débil non precisa clave

43 Que mecanismo/s de abstracción utilizamos cando dicimos que “María traballa en Madrid”?

- A) Clasificación
- B) Asociación
- C) Asociación e xeneralización
- D) Xeneralización

44 Respecto á integridade referencial nun sistema de xestión de bases de datos (SXBD), cales das seguintes afirmacións é FALSA?

- A) As claves alleas permiten implantar a integridade referencial
- B) O SXBD non obriga a que a clave allea teña valor non nulo
- C) O SXBD obriga a que o valor da clave allea da táboa que referencia non se encuentre entre os valores da clave primaria da táboa referenciada
- D) É a restrición que impón o sistema para cumprir coa duplicidade de tuplas na táboa na que se define unha clave allea

45 O protocolo de bloqueo en dúas fases (*two-phase locking protocol*) é unha técnica empregada polos sistemas de xestión de bases de datos para implantar

- A) A exactitude da información
- B) A recuperación do sistema dunha caída inesperada
- C) O control da concorrencia de transaccións
- D) A confidencialidade da información

46 Cal das seguintes afirmacións é CERTA respecto aos procedementos almacenados nos sistemas de xestión de bases de datos relacionais?

- A) É un conxunto de instrucións e lóxica de procedemento de SQL compilado, verificado e almacenado en base de datos
- B) Instrucións SQL embebidas no código dos programas e convertidas nun plan de acceso no tempo de preparación do programa
- C) Instrucións SQL que se asocian cunha táboa e que se activan cando ocorre nesta un evento en particular
- D) Os procedementos almacenados non admiten parámetros de entrada

47 Nun sistema de xestión de contidos, cal das seguintes afirmacións é FALSA?

- A) A arquitectura destes sistemas é monolítica, proporcionando un marco de desenvolvemento que facilita a implantación de novas funcionalidades
- B) Unha das súas principais características é que permiten separar o contido da presentación
- C) Un aspecto clave na xestión de contidos é a categorización da información
- D) A capacidade de establecer mecanismos que permitan localizar a información útil, baséase no uso de metadatos que serven para proporcionar información engadida aos contidos publicados

48 Nun sistema de xestión documental, cal das seguintes afirmacións é FALSA?

- A) Un sistema de xestión documental defínese como un conxunto de elementos e relacións entre eles, que ten o propósito de normalizar, controlar e coordinar todas as actividades e procesos que afectan en calquera medida aos documentos xerados no transcurso da actividade dunha organización
- B) Un sistema de xestión documental ten que conservar os atributos básicos dos documentos
- C) Un sistema de xestión documental ten que manter a organización dos documentos integrados nun contexto
- D) As operacións máis habituais que se realizan sobre estes documentos, abarcan parte do seu ciclo de vida, desde a súa almacenamento ata a posta a disposición dos usuarios

49 Os datos xeográficos teñen varias compoñentes. Da lista dos seguintes aspectos, indicar cales forman parte da "compoñente espacial"

- A) Propiedades matemáticas e relacións xeométricas
- B) Relaciones espazo-temporais e características temáticas
- C) Localización xeográfica, propiedades espaciais e relacións topolóxicas
- D) Autocorrelación matemática, espacial e temporal

50 Seleccione a resposta CORRECTA respecto dun metabuscador

- A) Un programa que revisa as páxinas web de forma metódica e automática
- B) Son buscadores que se basean en listas categorizadas de recursos
- C) Un tipo de motores de procura que centran os seus resultados en procuras que realizan sobre outros buscadores
- D) Buscadores especializados nun sector concreto

51 A aplicación da suite LibreOffice.org que ten a funcionalidade de presentacións

- A) *Impress*
- B) *Draw*
- C) *Math*
- D) *Powerpoint*

52 Vostede traballa como administrador da rede e encargáronlle que cree un servidor VPN para os usuarios. Que información NON precisará para configuralo?

- A) O número de clientes que terán acceso ao servidor
- B) A interface que conecta á rede privada e a que conecta á rede pública
- C) Os recursos compartidos específicos aos que os usuarios necesitarán acceso
- D) A orixe para as direccións IP asignadas aos clientes remotos

53 Un usuario A quere enviarlle a un usuario B unha información secreta usando criptografía de clave pública

- A) A encriptará a información coa clave pública de B e cando a reciba B só terá que usar a súa clave privada
- B) A encriptará a información coa súa clave privada e cando a reciba B só terá que usar a clave pública de A
- C) A encriptará a información coa clave privada de B e e cando a reciba B só terá que usar a súa propia clave pública
- D) A non pode enviar unha información secreta a B usando criptografía de clave pública

54 Cal das seguintes direccións é unha dirección IPv6 CORRECTA?

- A) 10:256:1:7
- B) ::
- C) 2001:0db8:85a3:08d3
- D) 2001::25de::cade

55 Nun sistema operativo Linux, cal é o último *script* que se executa antes de iniciarse o proceso *login*?

- A) *rc.local*
- B) *autoexec.bat*
- C) *Prelogin*
- D) *login.local*

56 En *JavaScript*, como se escribe un bucle *for* para contar desde 1 ata 5?

- A) `for (i = 1; i <= 5; i++)`
- B) `for (i :=1; i == 5; i++)`
- C) `for i := 1 to 5`
- D) `for (i = 1; i < 5; i++)`

57 No desenvolvemento de aplicacións en *.NET Framework* dispoñemos dun *Garbage Collector* (recolledor de lixo). Indique cal das seguintes afirmacións é FALSA

- A) A liberación dun obxecto en memoria é perfectamente posible sen intervención explícita por parte do usuario
- B) Para a liberación explícita de memoria existen métodos de finalización como *Finalize()* e *Dispose()*
- C) Adóitase utilizar *Dispose()* cando o obxecto non se vai a utilizar máis definitivamente
- D) Se se invoca explicitamente o método *Dispose()* dun obxecto, este será liberado inmediatamente

58 Cal das seguintes é a linguaxe de acceso aos datos contidos nos documentos XML?

- A) Xpath
- B) Xsax
- C) Xslt
- D) Xquery

59 Cal dos seguintes NON é un compoñente dunha arquitectura orientada a servizos (*SOA*) a nivel lóxico?

- A) Servizo de interconexión
- B) Localizador de servizos
- C) Servidor web
- D) Cliente de servizos

60 Cal dos seguintes estándares NON está relacionado con Web Services?

- A) *SOAP*
- B) *XDSL*
- C) *UDDI*
- D) *WS-Security*

61 Ao referirse a documentos XML, cal é a frase VERDADEIRA?

- A) Un documento XML válido é aquel que ten unha sintaxe XML válida
- B) Un documento XML válido é aquel que está ben formado e tamén cumpre coas regras dun DTD
- C) Un documento XML válido é aquel que cumpre as regras dun DTD
- D) Un documento XML ben formado é aquel que cumpre as regras dun DTD

62 Cal dos seguintes é un patrón de deseño estrutural?

- A) *Composite*
- B) *Iterator*
- C) *Object Pool*
- D) *Factory Method*

63 O antipatrón Lava Flow ou fluxo de lava

- A) Representa un deseño non orientado a obxectos, froito da migración dunha linguaxe estruturada a unha linguaxe orientada a obxectos
- B) Representa unha solución como resultado de copiar e pegar solucións
- C) Representa unha programación por impulsos, desorganizada, desestruturada e con pouca documentación
- D) Implica utilizar a mesma solución para resolver calquera problema, sen contemplar alternativas

64 Respecto de AJAX (Asynchronous Javascript and XML) é FALSO

- A) O obxecto *XmlHttpRequest* ten que estar instalado no lado servidor
- B) O método *open()* dun obxecto *XmlHttpRequest* permite especificar se as peticións se xestionan de modo asíncrono
- C) AJAX non é unha tecnoloxía, senón a unión de varias tecnoloxías
- D) Leva asociada a utilización de XHTML (ou HTML) e follas de estilos en cascada (CSS) para o deseño que acompaña á información

65 Cal dos seguintes puntos de verificación da Web Accessibility Initiative (WAI) NON é de prioridade 1?

- A) “Titule cada marco para facilitar a identificación e navegación deles”
- B) “Nas táboas de datos, identifique os encabezamentos de fila e columna”
- C) “Asegúrese de que toda a información transmitida a través das cores tamén estea dispoñible sen cor, por exemplo mediante o contexto ou por marcadores”
- D) “Utilice follas de estilo para controlar a maquetación e a presentación”

66 Respecto de XHTML, acrónimo en inglés de eXtensible Hypertext Markup Language (linguaxe extensible de marcado de hipertexto) é FALSO

- A) Obriga a *anidar* as etiquetas adecuadamente
- B) Non é necesario pechar os elementos baleiros
- C) Obriga a encerrar entre comiñas os valores dos atributos
- D) Cada documento ten que especificar o seu tipo

67 ¿Cal dos seguintes modelos de ciclo de vida ten en conta a análise de riscos?

- A) Modelo de ciclo de vida en espiral
- B) Modelo de ciclo de vida en cascada
- C) *Extreme Programming*
- D) Ciclo de vida en V

68 Respecto ao modelado áxil é CORRECTO dicir que

- A) Non é suficientemente detallado
- B) É un complemento aos métodos existentes, non é unha metodoloxía completa
- C) Aconsella non crear documentación
- D) Define un procedemento detallado de cómo crear un tipo de modelo dado

69 De acordo coa metodoloxía METRICA, calquera proceso que actualiza datos do sistema recibe o nome de

- A) Evento
- B) Efecto
- C) Nodo
- D) Entidade

70 Respecto aos Diagramas de Fluxo de Datos (DFD) sinalar a afirmación FALSA

- A) Non se poden representar fluxos de datos entre almacéns e entidades externas
- B) Pódense representar relacións entre entidades externas
- C) Non se debe representar a clave de acceso ao almacén senón só a operación que se realice no almacén
- D) Un fluxo de datos entre dous procesos só é posible cando a información é síncrona

71 Cal das seguintes afirmacións é FALSA respecto de UML (*Unified Modeling Language*)?

- A) Os paquetes poden conter clases, obxectos, relacións, compoñentes, nodos e diagramas asociados
- B) Os diagramas de clases expresan a estrutura estática dun sistema, coas clases, os atributos e as operacións
- C) As relacións entre os casos de uso son de subordinación, dependencia, igualdade e superioridade
- D) Os nodos do diagrama de despregue represéntanse cun cubo, e as liñas que os unen simbolizan os soportes das comunicacións

72 A lei de Fitt, no contexto do deseño de interfaces de usuario, dinos que

- A) Se algo da interface pode deseñarse mal, deseñarase mal e o usuario rexeitarao
- B) Co 20% do traballo realízase o 80% da interface
- C) Co 80% do deseño ocúpase o 20% do traballo
- D) O tempo en localizar un obxectivo visual na interface é unha función da distancia e o tamaño do obxectivo

- 73 O documento de requisitos do software é a declaración oficial que deben redactar os desenvolvedores do sistema. Este documento debe ser**
- A) Ambiguo
 - B) Non modificable, por ser un contrato co cliente
 - C) Verificable
 - D) Non referenciado, xa que cada sistema é independente
- 74 Se unha tarefa dentro dun diagrama PERT excede a súa duración nun tempo**
- A) A duración do camiño crítico non variará
 - B) A duración do camiño crítico variará na mesma magnitude
 - C) Non se pode afirmar qué ocorrerá coa duración do camiño crítico
 - D) Necesítase que outra tarefa diminúa a súa duración na mesma magnitude para que a duración do proxecto non varíe
- 75 Nun diagrama de *Gantt*, un fito, por definición**
- A) Dura unha unidade temporal
 - B) Non ten duración
 - C) Dura o mesmo que a etapa que o xera
 - D) A súa duración inclúese nas etapas que desencadea
- 76 Entre os seguintes termos, indicar cuál define a reconstrución dun sistema dunha forma nova, incluíndo a implementación**
- A) Enxeñería inversa
 - B) Reenxeñería
 - C) Reestruturación
 - D) Reorganización
- 77 Cal das seguintes é unha linguaxe declarativa?**
- A) *Haskell*
 - B) *Java*
 - C) *SmallTalk*
 - D) *Ada*
- 78 Os obxectos actúan en resposta ás mensaxes que reciben. A mesma mensaxe pode orixinar condutas completamente diferentes ao ser recibida por diferentes obxectos. Este fenómeno coñécese como**
- A) Polimorfismo
 - B) Abstracción
 - C) Herdanza
 - D) Encapsulación

79 A complexidade ciclomática de McCabe define o número de camiños independentes do conxunto de camiños básicos. Respecto da complexidade ciclomática é CERTO que

- A) O seu valor é igual a $R + 1$, sendo R o número de rexións do grafo
- B) O seu valor pódese calcular como $A - N + 2$, sendo A o número de arestas e N o número de nodos
- C) O seu valor é igual ao número de nodos predicado, P
- D) O seu valor é igual a $C - 1$, sendo C o número de comparacións

80 Cal das seguintes NON é unha proba de caixa negra?

- A) Comprobación de bucles
- B) Partición equivalente
- C) Análise de valores límite
- D) Proba de táboa ortogonal

81 Qué obxectivo da seguridade da información cumpre un sistema automático de xustificación de recepción?

- A) Non repudio en orixe
- B) Autenticidade
- C) Non repudio en destino
- D) Confidencialidade

82 Na terminoloxía de recuperación de sistemas ante desastres, a magnitude que cuantifica o intervalo de tempo máximo admisible para a restauración dun servizo de TI tras una interrupción, denomínase

- A) *MTBF* (Tempo Medio Entre Fallos)
- B) *RPO* (Obxectivo de Punto de Recuperación)
- C) *RTO* (Obxectivo de Tempo de Recuperación)
- D) *MTTR* (Tempo Medio de Recuperación)

83 Qué mecanismo de tradución de dirección de rede permite que unha dirección IP externa sexa utilizada por múltiples dispositivos da rede interna?

- A) *Port Address Translation (PAT)*
- B) *Destination NAT*
- C) *Static NAT*
- D) *Dynamic NAT*

84 Cal das seguintes VPN pertence ao nivel de transporte do modelo de referencia OSI?

- A) *SSL*
- B) *IPSec*
- C) *PPTP*
- D) *MPLS*

85 Que CA (Autoridade de Certificación) das mostradas a continuación non forma parte da xerarquía de certificación nunha infraestrutura de clave pública PKI?

- A) CA raíz
- B) CA de expedición de certificados de usuarios
- C) CA subordinada de políticas
- D) CA de revogación de certificados de usuarios

86 Que tipo de programa malicioso dispara unha acción preestablecida cando se cumpre unha determinada condición?

- A) *Exploit*
- B) *Worm*
- C) *Zombie*
- D) *Logic Bomb*

87 *Spyware, rootkits, backdoors, time bombs, etc.* son exemplos de

- A) Vermes
- B) Virus
- C) Troianos
- D) *Adware*

88 Que tipo de dirección IPv6 se asigna a un grupo de interfaces para que un paquete enviado ao grupo se asigne a unha das interfaces do grupo?

- A) *Unicast*
- B) *Multicast*
- C) *Broadcast*
- D) *Anycast*

89 Cal é a nomenclatura que indica a capa física do estándar IEEE 802.3ba que permite a transmisión a 40 Gbps sobre fibra monomodo?

- A) *40GBASE-KR4*
- B) *4GBASE-SR40*
- C) *40GBASE-SR4*
- D) *40GBASE-LR4*

90 En relación coa tecnoloxía ADSL, escolla a opción CORRECTA

- A) Na tecnoloxía ADSL a canle divídese en tres bandas distintas, unha para transmisión de voz, unha para transmisión de datos en baixada e unha terceira para transmisión de datos en subida de maior ancho de banda que as anteriores
- B) O uso de DMT (*Discrete MultiTone*) na tecnoloxía ADSL permite transmitir maior cantidade de bits por subportadoras que presentan mellor calidade de transmisión e menos interferencias
- C) Na tecnoloxía ADSL a banda reservada para a transmisión de voz sitúase na parte superior do espectro debido a que deste modo se obtén mellor calidade nas conversacións
- D) A tecnoloxía ADSL utiliza o bucle de subscritor para a transmisión simétrica de datos utilizando o par trenzado tradicional utilizado na Rede de Telefonía Conmutada

91 Qué tecnoloxía permite a multiplexación de maior número de lonxitudes de onda por unha única fibra óptica?

- A) *CWDM*
- B) *SDH*
- C) *WDM*
- D) *DWDM*

92 Nunha rede MPLS, o dispositivo que se sitúa no límite entre a rede MPLS e a rede de acceso, denomínase

- A) *LER*
- B) *LSR*
- C) *LDP*
- D) *LSP*

93 Que cable de fibra óptica dos que se indican a continuación ten as características que o identifican como un cable de fibra?

- A) Fibra 62.5/125 μm
- B) Fibra 50/125 μm
- C) Fibra 200/380 μm
- D) Fibra 10/125 μm

94 Cal dos seguintes estándares de redes sen fíos NON permite a transmisión WiFi a unha velocidade superior a 54 Mbps?

- A) 802.11g
- B) 802.11n
- C) 802.11a
- D) 802.11b

- 95 Para descomprimir o contido dun ficheiro foo.tar.gz, cal das seguintes sentenzas debemos executar?**
- A) *tar x foo.bar.gz*
 - B) *tar tzvf foo.bar.gz*
 - C) *tar xzf foo.bar.gz*
 - D) *untar foo.bar.gz*
- 96 Se creamos un enlace simbólico *ln -s foo bar* e eliminamos *foo*, indique cal das seguintes respostas é CORRECTA**
- A) O enlace simbólico segue contendo a información correcta
 - B) Elimínase automaticamente o enlace
 - C) Bórrase o arquivo e o seu enlace
 - D) O enlace é erróneo e falla ao intentar acceder a el
- 97 Indique cal das seguintes afirmacións sobre Windows 2008 é FALSA**
- A) Windows 2008 dispón de administración centralizada de certificados. Nas versións anteriores confiábase que cada aplicación mantiña a súa propia lista de claves ou CA confiábles
 - B) O protocolo KERBEROS non é o método nativo de autenticación que empregan os sistemas Windows 2008
 - C) Calquera servidor do Directorio Activo, automaticamente, ten o servizo do Centro de distribución de claves de Kerberos (*KDC- Kerberos Key Distribution Center*)
 - D) Os equipos organízanse dentro de dominios, podendo estes estar xestionados mediante o emprego do *Active Directory*
- 98 Indique cal dos seguintes protocolos de transferencia NON corresponde a un protocolo de correo electrónico**
- A) *SMTP*
 - B) *SNMP*
 - C) *POP*
 - D) *IMAP*
- 99 Indique cal das seguintes afirmacións sobre o servidor Web Apache é CORRECTA**
- A) Serve o protocolo *HTTP*
 - B) Prové tamén un servizo do protocolo *FTP*
 - C) Tamén pode funcionar como servidor de correo
 - D) Tamén prové servizo baixo o protocolo *SMTP*
- 100 Cando se realiza unha copia de seguridade dunha máquina virtual mediante o servizo de consola de copias de seguridade de clientes, cal dos seguintes beneficios conseguimos?**
- A) Redúcese o tempo de realización da copia de seguridade, dado que esta realízase a través da rede virtual
 - B) Pódense restaurar ficheiros individuais da máquina virtual da que facemos copia de seguridade
 - C) Redúcese a carga no servidor ESX
 - D) Pódese restaurar a máquina virtual completa

PREGUNTAS DE RESERVA:

101 Ao abeiro do disposto na Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, sinala cal das seguintes respostas é INCORRECTA

- A) O establecemento dunha sede electrónica leva consigo a responsabilidade do titular respecto da integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poida accederse a través desta
- B) A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria deban publicarse en taboleiro de anuncios ou edictos poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación na sede electrónica do organismo correspondente
- C) As sedes electrónicas utilizarán, para identificarse e garantir unha comunicación segura con estas, sistemas de firma electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente
- D) Os cidadáns para relacionarse coas Administracións Públicas utilizarán única e exclusivamente os sistemas de firma electrónica incorporados ao Documento Nacional de Identidade

102 Sinala cal das seguintes respostas é INCORRECTA, a teor do disposto na Lei 59/2003 de firma electrónica

- A) A suspensión da vixencia dun certificado electrónico fará efecto dende que se inclúa no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados do prestador de servizos de certificación
- B) A extinción ou suspensión da vixencia dun certificado electrónico poderá ter efectos retroactivos
- C) A extinción ou suspensión da vixencia dun certificado electrónico manterase accesible no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados polo menos ata a data en que tivese finalizado o seu período inicial de validez
- D) É causa de extinción da vixencia dun certificado electrónico a existencia dunha resolución xudicial ou administrativa que o ordene

103 En qué versión de Microsoft Office se incorporou como innovación a característica “fita de opcións”?

- A) Office 7
- B) Office 2003
- C) Office 2007
- D) Office 2010



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



***Proceso selectivo para el ingreso
en el cuerpo de gestión de la Administración de la Xunta de Galicia (A2),
escala de gestión y sistemas de información***

***Primer ejercicio
(acceso libre)***

Opción A

NO abra el examen hasta que el tribunal se lo indique

1 De conformidad con la Constitución Española (CE), señale la opción CORRECTA respecto al derecho a una remuneración del trabajo suficiente

- A) Es uno de los principios rectores de la política social y económica del capítulo III del título I de la CE
- B) Es un derecho de los ciudadanos recogido en el capítulo II del título I de la CE
- C) No se recoge como tal en la CE
- D) Se recoge el derecho al trabajo expresamente y el derecho a una remuneración suficiente debe considerarse como un principio rector

2 Según los artículos 148 y 149 de la Constitución Española, ¿cuál de las siguientes es una competencia autonómica?

- A) El fomento de la investigación
- B) Los puertos que desarrollen actividades comerciales
- C) Las telecomunicaciones
- D) La regulación de las condiciones para la expedición de títulos académicos

3 De conformidad con el artículo 15 del Estatuto de Autonomía de Galicia, quién propone al candidato a la presidencia de la Xunta de Galicia?

- A) El presidente del Parlamento gallego, previa consulta con las fuerzas políticas representadas en el mismo y oída la mesa
- B) El presidente del Parlamento gallego, de conformidad con los acuerdos conseguidos entre las fuerzas políticas
- C) El presidente del Parlamento gallego, oída la mesa y teniendo en cuenta la lista que consiguiese en los comicios el mayor número de votos
- D) El presidente del Parlamento gallego por propia iniciativa, de acuerdo con la representatividad conseguida por cada fuerza política en los comicios

4 De acuerdo con lo establecido en el artículo 13 de la Ley 7/2007, del 12 de abril, del Estatuto básico del empleado público, señale la respuesta CORRECTA respecto del personal directivo profesional

- A) Cuando el personal directivo reúna a condición de personal funcionario estará sometido a la relación laboral de carácter especial de alta dirección
- B) La determinación de las condiciones de empleo del personal directivo tendrá la consideración de materia objeto de negociación colectiva a los efectos de la Ley 7/2007, del 12 de abril
- C) La designación del personal directivo profesional atenderá a principios de mérito y capacidad y a criterios de idoneidad
- D) Las respuestas a) y c) son correctas

5 Conforme a lo dispuesto en el artículo 20 de la Ley 7/2007, del 12 de abril, del Estatuto básico del empleado público

- A) Los sistemas de evaluación del desempeño se adecuarán, en todo caso, a criterios de transparencia, objetividad, imparcialidad y no discriminación y se aplicarán sin menoscabo de los derechos de los empleados públicos
